

# Pardo presenta un Plan de Enogastronomía

**Santiago.** A secretaria xeral para o Turismo, Carmen Pardo, ofreceu onte na Cidade da Cultura a conferencia *A enogastronomía como recurso turístico de Galicia* na clausura do IV Evento Interregional WINETech, organizado pola Consellería do Medio Rural. A secretaria xeral destacou o turismo enogastronómico como "produto turístico singular, desestacionalizador e con alto compoñente cultural" e situou os obxectivos do Plan de Acción do Turismo de Galicia 2010-2013 no "impulso da competitividade da enogastronomía en Galicia e norte de Portugal, desenvolvendo produtos turísticos de calidade baseados na identidade de ambos territorios e vinculados á súa tradición culinaria".

Ademais, presentou as grandes liñas do recién redactado Plan de Enogastronomía de Galicia, que conta con cinco eixos de actuación e 18 accións, entre as que

destacou a creación dun mapa enogastronómico por xeodestinos, a creación dun *merchandising* e *packaging* innovador ou o programa de prescriptores e embaixadores.

**SEGUNDA MOTIVACIÓN.** Na súa intervención, Pardo destacou os valores da gastronomía galega e subliñou como en Galicia "temos a maior variedade de produtos do mar do mundo, somos o primeiro produtor e consumidor español de peixe, e temos máis de 500 indicacións xeográficas protexidas que impulsan o sector turístico e promocionan os produtos con indicación de calidade". Ademais, a secretaria xeral indicou que "a gastronomía é a segunda motivación despois da natureza que fai que os turistas elixan a nosa comunidade como destino". Pardo subliñou a importancia desta estatística, xa que "máis de a metade da poboación española afirma

que a gastronomía e o viño influen á hora de escoller destino nas súas viaxes". Incidiu tamén no elevado gasto do turista de enogastronomía en relación coa media, así como o alto grado de desestacionalización.

Segundo a secretaria xeral, "unha das actuacións que recolle o Plan de Acción do Turismo de Galicia 2010-2013 é a incorporación da gastronomía galega no deseño de calquera produto turístico de Galicia". Neste sentido, recordou actuacións de promoción como Millésime, as Rutas do Viño, programas de TV, Vive Galicia ou a ensamblaxe con outros recursos turísticos como o golf, o termalismo, o Camiño de Santiago ou o turismo rural. Carmen Pardo resaltou, asemade, iniciativas como o Bono Jacobus, o Outono Gastronómico ou Vive Galicia que permiten "gozar das excelencias do turismo rural de Galicia e da súa gastronomía". **REDACCIÓN**



Pardo na recente presentación do Outono Gastronómico. Foto: A. Varela